

Ciclo 'Galicia, ceo das letras': 'Blanco Amor ou a paixón das marxes'



11/06/2011

A Cidade da Cultura acolle un novo sábado literario, nesta ocasión homenaxeando a figura de Blanco Amor. O acto inclúe un relatorio a cargo de Beito Iglesias e proxección audiovisual da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG).

De balde con reserva
Telf Reserva: 881 979 010


(Ourense, 1897 – Vigo, 1979). Blanco Amor é recoñecido como un dos nosos máis lúcidos escritores clásicos, autor dunha obra literaria completa e innovadora desde o punto de vista técnico e lingüístico, que, no entanto, non sempre foron argumentos sólidos para evitar certa marxinalidade do autor en vida.

- 12:00 | Relatorio: Beito Iglesias. Profesor, tradutor e xornalista, é autor de novelas e relatos fundamentais no último decenio, galardoados, entre outros, co Premio García Barros, o Premio da Crítica ou o Premio Merlín de Literatura Infantil e Xuvenil.

- 13:00 | Proxección audiovisual (45'). Produción propia da Asociación de Escritores en Lingua Galega (A.E.L.G) que se estrea neste ciclo, como mostra da visión poliédrica dunha serie de escritores/as e estudosos/as sobre o universo literario de Blanco Amor.

Presentan: Cesáreo Sánchez Iglesias, poeta e presidente da A.E.L.G., xunto con Mercedes Queixas Zas, profesora, ensaísta e crítica literaria, así como secretaria xeral da A.E.L.G.

Mais información



Lugar	Cidade da Cultura de Galicia
Localización	Lugar de la Ciudad de la Cultura, Santiago de Compostela, 15702
	12:00:00
	11/06/2011
	11/06/2011

[Enviar información por SMS](#)

Se detecta algún erro nesta páxina, por favor comuníqueo a ot@santiagoturismo.com



todos os dereitos reservados. SantiagoTurismo.com